

Meu Anaquiño de Ceo:

Escriboche agora que a batalla rematou, teño tanto que contarche... espero que este feixe de letras poida reempazar a miña voz. Teño tanto que dicirche, pero xa se está a poñer o sol...

Vexo como xente coñecida, e outra maioría de descoñecidos, entran na escuridade para non volver xamais: Onte cinco andaluces invitáronme a cervexa. Supoño que xa non os hei ver máis.

Hoxe estou ben, mañá, Deus dirá...

Gustárame, *Meu Anaquiño de Ceo*, terche dito tantas cousas... pero agora só che podo dicir que os días que pasei ao teu lado fixéronme moi feliz, que as tardes que pasei ao teu lado foron docísima mel na miña vida.

Pero o destino chamou á miña porta, e tiven que marchar.

Gustárame, *Meu Anaquiño de Ceo*, poder dicirche que todo irá ben , que non te preocupes... pero non podo, porque sei que é moi probable que non volva a ver outro atardecer, que non volverei a ver aos meus pais, aos meus irmáns, aos meus amigos e a ti,

Meu Anaquiño de Ceo.

Cando miro atrás creo ver unha luz no horizonte: alí está a miña Patria, alí estás ti. Sei que alá está a miña alma e o meu corazón...

Alá lonxe, moi lonxe, quedan os meus soños, as miñas esperanzas e o meu pasado
¡Que lonxe
está ese resplandor, esa luz das Terras Altas do Norte!

Meu Anaquiño de Ceo, cando era neno soñaba con grandiosas vitorias. Hoxe, ironicamente, só vexo desastrosas derrotas.

Quérote con toda a alma. E se non volvo espero que ti vivas polos dous.

Porque ata un Anaquiño de Ceo necesita un astro: *Túa*

Estrela.

